


MEMORIA ANUAL

2022



*Acem*

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE  
**ESCLEROSE MÚLTIPLE**

# ÍNDICE

## ACEM

A ENTIDADE	3
O CENTRO DE REABILITACIÓN	4
DATOS 2022	5
EQUIPO	7

## ACTIVIDADE SOCIOSANITARIA 8

SERVIZOS	9
TERAPIAS GRUPAIS	15
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	20

## XORNADAS DE DIVULGACIÓN 23

## ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN 27

CAMPAÑAS	28
----------	----

## VISIBILIZACIÓN

A PÉ DE RÚA	31
EVENTOS	32
ACEM NOS MEDIOS	35

## FORMAMOS PARTE DE 36

## COLABORAN 37

# ACEM

## ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE ESCLEROSE MÚLTIPLE



ENTIDADE DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA

A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 1995 co fin de contribuír a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por ésta e por outras enfermidades neurodexenerativas semellantes.

Traballamos principalmente co colectivo de **persoas afectadas de esclerose múltiple e de párkinson**, levando a cabo toda clase de accións destinadas a mellorar a súa situación e a das súas familias, a través da prestación de servizos sociosanitarios, da sensibilización social e da defensa dos seus dereitos.

O **ámbito de actuación** de ACEM son as provincias de A Coruña e Pontevedra; concellos e comarcas incluídas dentro do ámbito de atención xeográfico, clínico e administrativo do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.



Santiago de Compostela

# CENTRO DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

ACEM desenvolve a actividade sociosanitaria no seu Centro de Rehabilitación Integral, onde leva a cabo un Programa de Atención Integral Multidisciplinar. Este Centro está **declarado de interese e utilidade municipal**.



**PERSOAS SOCIAS**

**325**

**AFECTADAS**

**247**

**ESCLEROSE  
MÚLTIPLE**

**196**

**PÁRKINSON**

**47**

**OUTRAS  
PATOLOXÍAS**

**4**

**USUARIAS**

**137**

**ESCLEROSE  
MÚLTIPLE**

**79**

**PÁRKINSON**

**47**

# PERSOAS USUARIAS DOS SERVIZOS

TRABALLO  
SOCIAL

225

FISIOTERAPIA

106

LOGOPEDIA

44

ASESORAMENTO  
XURÍDICO


50

PSICOLOXÍA

75

TERAPIA  
OCUPACIONAL

42



# EQUIPO 2022



MARÍA LÓPEZ  
TRABALLO SOCIAL



CANDELA ALCARAZ  
FISIOTERAPIA



JESSICA SUÁREZ  
LOGOPEDIA



SILVIA TUBÍO  
PSICOLOGÍA



DIEGO DE FRUTOS  
PILATES



NATALIA ROMERO  
FISIOTERAPIA



KATIANA SÁNCHEZ  
FISIOTERAPIA



ANDREA SAAVEDRA  
TERAPIA OCUPACIONAL



RAQUEL TABOADA  
AUX. ADMINISTRACIÓN



LOURDES LIÑARES  
ADMINISTRACIÓN



MARCOS MOURE  
ASESORAMENTO XURÍDICO



YOLANDA DEL CAMPO  
COMUNICACIÓN

# ACTIVIDADE SOCIOSANITARIA

## PROGRAMA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL

En 2022 continuamos co noso programa de rehabilitación integral grazas a un **equipo interdisciplinar** formado por sete profesionais sociosanitarias que prestaron os servizos de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional, atención psicolóxica e traballo social.





# FISIOTERAPIA


Ampliouse o servizo debido á demanda, e foi ofrecido por 3 profesionais. Persoas usuarias: 106.



O servizo fai especial fincapé na prevención, prognóstico e tratamento dos déficits presentados nas persoas afectadas como resultado do padecemento da súa enfermidade. A intervención ten o obxectivo de axudar á persoa doente a recuperar e/ou manter o máximo nivel posible de funcionalidade e independencia e de mellorar a súa calidade de vida en xeral.



# LOGOPEDIA




O servizo de logopedia beneficiou a 44 persoas afectadas.

A súa intervención desenvólveuse a partir de tres terapias diferenciadas: miofuncional, vocal e cognitiva.

A **terapia miofuncional** está dirixida a aquelas persoas con dificultades na musculatura orofacial e na súa funcionalidade que repercute na vida diaria da persoa. Estes casos poden incluír disfaxias, disartrias, parálises.

A **terapia vocal** está dirixida a aquelas persoas con alteración nas calidades da voz, xa ben sexa o timbre, o tono, a tonalidade, o volume, etc.

A **terapia cognitiva** céntrase no deterioro das funcións, traballando para optimizar a memoria a corto e a longo prazo, así como os diferentes tipos de atención (selectiva, sostida, dividida).



# ATENCIÓN PSICOLÓGICA

En 2022 foron 75 as persoas beneficiadas por este servizo.

Trátase de intervención psicolóxica para persoas afectadas de esclerose múltiple, párkinson e outras enfermidades neurodexenerativas semellantes, e para a familia cando é preciso. O obxectivo é facilitar unha maior aceptación da enfermidade e dos seus síntomas, así como da discapacidade e a dependencia vinculados á mesma.



A intervención, de carácter cognitivo-conductual, levouse a cabo a través de sesións individuais, e nalgunhas ocasións coa participación -en calidade de acompañantes- dalgúns familiares.



# TERAPIA OCUPACIONAL

Esta terapia promoveu a calidade de vida e o benestar a través da ocupación de 42 persoas.

Ten como obxectivo principal capacitar ás persoas a participar nas actividades do seu día a día (AVD).



Rehabilitación ou mantemento daquelas habilidades precisas para participar nas ocupacións do día a día: estimulación cognitiva, mellora ou mantemento da destreza manipulativa, potenciación da sensibilidade, etc.

Asesoramento en produtos de apoio ou en adaptacións da contorna.



# TRABALLO SOCIAL



En torno a 225 persoas foron atendidas polo servizo de traballo social, que é o primeiro contacto para a persoa enferma, coidadora ou familiar.

Ofrece información de recursos sociais e sobre os distintos servizos e actividades existentes en cada momento no centro, así coma do seu funcionamento, atendendo aos problemas, necesidades e demandas das persoas usuarias.

As intervencións sociais realizadas centráronse principalmente nas seguintes áreas: adhesión e entrevista de valoración inicial, prestacións socioeconómicas, programas, servizos, axudas., exencións, seguemento e outras.

# ASESORAMENTO XURÍDICO E ASISTENCIA XUDICIAL

Complementa a información e orientación ás persoas socias, un servizo de asesoramento xurídico, que é froito da colaboración con *Eido abogados*.

En 2022 foron 50 as persoas que recibiron asesoramento xurídico, 20 das mesmas foron tamén asistidas xudicialmente.

O servizo traballa na defensa dos dereitos das persoas afectadas, asesorándoas en temas de discapacidade e incapacidade e acompañándoas nas vistas xudiciais.



# TERAPIAS GRUPAIS

## INICIACIÓN Á ESCALADA

*O proxecto "Escala os teus sonhos" foi seleccionado no certame solidario "La Voz del paciente" de Cinfa Salud.*

En marzo e abril levouse a cabo -con monitor e fisioterapeuta de apoio- este curso de dous meses de duración dirixido a persoas afectadas de esclerosis múltiple.




Destinado a persoas que pola evolución da súa enfermidade estaban capacitadas para levar a cabo una actividade física como a escalada, como terapia alternativa de benestar físico (fortaleza, axilidade, flexibilidade, agarre, mobilidade) e emocional (mellora da autoestima, concentración, combatir o estrés e a depresión).



# ESTIMULACIÓN COGNITIVA

Nos meses de maio e xuño desenvolveuse esta terapia grupal coa finalidade de manter e mellorar o funcionamento das capacidades cognitivas, e retardar o deterioro cognitivo propio da esclerose múltiple e o párkinson. Foi realizada dende o servizo de terapia ocupacional.





# BAILE EN NEURORREHABILITACIÓN

Esta terapia tiña como obxectivo xeral mellorar a condición física e a calidade de vida das persoas afectadas cunha actividade motivadora e amena. A actividade explorou os bailes de salón como o cha cha chá e o tango.



Obxectivos específicos: mellorar o equilibrio dinámico e a estabilidade, estimular os sentidos, mellorar o patrón da marcha, traballar a velocidade de movemento, adestrar a coordinación motora, diminuír a fatiga asociada á actividade física e mellorar o rendemento cognitivo.

# ADESTRAMENTO E CONCIENCIA RESPIRATORIA

Esta terapia grupal levouse a cabo porque a fatiga é un dos síntomas máis comúns nas enfermidades neurodexenerativas, tendo un impacto negativo nas actividades diarias. A fisioterapia respiratoria é un tratamento eficaz e relevante, xa que prevén as infeccións respiratorias e/o trata no caso no que xa existan estas infeccións.



Obxectivos: Adestrar a expansión pulmonar, aumentar o volume pulmonar, flexibilizar a grella costal, fortalecer a musculatura espiratoria e inspiratoria, tomar conciencia da respiración, diminuír a fatiga, favorecer a auto relaxación e mellorar a calidade de vida.

# MOVIMENTO E SAÚDE



Dende o servizo de fisioterapia levouse a cabo tamén esta terapia grupal dirixida a persoas afectadas de párkinson, co obxectivo de manter o organismo nas mellores condicións para minimizar as secuelas da evolución da enfermidade, tendo como fin a mellora da calidade de vida.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

# PILATES




Actividade dirixida a manter o benestar físico e mental. Con exercicios de movemento para fortalecer e equilibrar o corpo e a mente. Dúas sesións por semana.

# GOLF ADAPTADO



En virtude do convenio co **Real Aeroclub de Santiago** e grazas á colaboración da **Federación Galega de Golf**, unha vez por semana persoas socias afectadas de esclerose múltiple levan a cabo esta actividade adaptada a persoas con discapacidade. Obxectivos: fomentar o desenvolvemento físico, potenciar a autonomía persoal e facilitar a interacción social.



# DESEÑO E CREACIÓN DE MANDALAS

De setembro a decembro persoas afectadas aprenderon a crear os seus propios mandalas, a deseñalos e a colorealos. Os obxectivos eran favorecer a motricidade das mans e a precisión, focalizar a atención e compartir tempo e experiencias con outras persoas nunha actividade grupal.



# ACTIVIDADE DIVULGATIVA

## XORNADAS

31 MARZO

XORNADA DEMOSTRATIVA ANTIEQUINOS



A ENFERMIDADE DE PÁRKINSON

7 ABRIL



# XORNADAS

24 FEB

TERAPIA OCUPACIONAL



DEGLUCIÓN E TEXTURIZADOS

1 SET





# XORNADAS

7 NOV

## EN TORNO Á ESCLEROSE MÚLTIPLE

Xornada de sensibilización "Empatiza con la EM" co apoio de AEDEM-COCEMFE e o patrocinio do Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e de Sanofi.



# XORNADAS

14 DEC

## CHAN PÉLVICO EN ESCLEROSE MÚLTIPLE

Xornada no marco do Día Nacional da Esclerose Múltiple, patrocinada por Janssen e Novoneon Rótulos.

JORNADA DIVULGATIVA

### SUELO PÉLVICO EN ESCLEROSIS MÚLTIPLE

neurología  
urología  
fisioterapia

Perspectiva multidisciplinar

**MIÉRCOLES,  
14 DE DICIEMBRE, 17h.**

ACEM Santiago  
R/ Queixume dos pinos 4.  
ONLINE a través de Zoom

INSCRIPCIONES:  
acem.santiago@gmail.com

PROGRAMA:

- 17:00h **M<sup>a</sup> Teresa González Salvadores**, presidenta de ACEM. Presentación de la jornada.
- 17:10h **José María Prieto González**, jefe de neurología del Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS).
- 17:30h **Valentín Toucedo Caamaño**, urólogo especializado en esclerose múltiple (CHUS).
- 17:50h **Andrea Hipólito Pérez**, fisioterapeuta especializada en uroginecología y obstetricia (AH Suelo Pélvico).
- 18:15h **Reflexiones y preguntas.**

Organiza:  Patrocina:  



# SENSIBILIZACIÓN

27<sup>NOV</sup> ESCLEROTIC FEST



Evento solidario anual de ACEM. En 2022 foi un Festival de música pola esclerose múltiple, na Sala Capitol de Santiago. Participaron as bandas Biribirlocke, Battosai, Brassica Rapa e The Tetas' Van. Patrocinado por Bristol Myers Squibb.



# SENSIBILIZACIÓN

## CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN



#TeñoPárkinson con motivo do Día Mundial do Párkinson.  
#ConexionesEM polo Día Mundial da Esclerose Múltiple.



# SENSIBILIZACIÓN ADHESIÓN A CAMPAÑAS

#EsperaDesespera de COCEMFE  
polo novo baremo da discapacidade



Baixo o mesmo paraugas  
Día das persoas con discapacidade



8 de marzo

Caminemos por la EM de  
AEDEM-COCEMFE



# CAMINEMOS

## AEDEM-COCEMFE



En outubro ACEM pechou a campaña "Caminemos por la esclerosis múltiple" de AEDEM-COCEMFE, cun evento de celebración e reivindicación.



# A PÉ DE RÚA

## MESAS INFORMATIVAS E DE VISIBILIZACIÓN

En 2022 ACEM organizou 8 mesas en Santiago de Compostela e municipios da súa contorna.



No CHUS polo Día Nacional da EM



Na IV Feira de Outono de Santa Comba



Na II Feira da Saúde de Ames



Na Praza do Toural polo Día Mundial do Párkinson

# EVENTOS

## ESTRELAS SOLIDARIAS NO CAMIÑO



ACEM foi entidade beneficiaria do evento gastronómico solidario "Estrelas no Camiño", impulsado polo Restaurante Casa Barqueiro co patrocinio de Galicia Calidade, Turismo de Galicia, Xacobeo 2021-2022, entre outros. Na cita participaron máis de vinte chefs Estrela Michelin, e ACEM estivo presente cun stand de visibilización.





# ESTRELAS NO CAMIÑO

## VISITA DO PRESIDENTE DA XUNTA

"Estrelas no Camiño" -ademáis de contribuir a darlle gran visibilidade a nosa entidade- motivou a visita do Presidente da Xunta de Galicia a ACEM, para o acto de entrega do recadado no evento solidario.



# CONCERTO COMPOSTELA SOLIDARIA



En outono ACEM foi a entidade beneficiaria do VI Concerto Solidario organizado pola Asociación **Compostela Solidaria**, que se celebrou o 25 de novembro no auditorio do colexio La Salle, e ao que asistiron máis de 600 persoas.



# ACEM NOS MEDIOS

ACEM tivo este ano unha presenza continuada nos medios de comunicación locais e rexionais, con motivo dos días da esclerose múltiple e o párkinson, así como pola súa destacada labor en determinados proxectos.



# FORMAMOS PARTE DE:



Federación Galega  
de Esclerose Múltiple



AEDEM-COCEMFE  
Asociación Española de Esclerosis Múltiple



PARKINSON  
FEDERACIÓN ESPAÑOLA



COGAMI  
CONFEDERACIÓN GALEGA  
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE



COCEMFE

# COLABORAMOS CON:



Asociación Española de  
Esclerosis Lateral Amiotrófica

# COLABORAN:





## ATÓPANOS EN:



R/Queixume dos pinos, 4  
Santiago de Compostela



acem.santiago@gmail.com



981 575 240 / 620 533 471



/AcemAsociacionCompostelana  
DeEsclerosisMultiple



@difusionACEM



@acem.santiago



acem

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE  
**ESCLEROSE MÚLTIPLE**

[www.acemsantiago.org](http://www.acemsantiago.org)